



RESOLUCIÓN: BASES CAMPAMENTO CONCILIACIÓN DE VERÁN 2023
EXPEDIENTE: **2023/D002/000003**

ANTECEDENTES

O día 13.03.2023 aprobáronse as bases reguladoras do campamento de conciliación de verán de 2023.

Detectouse que falta a referencia a lei de protección de datos e garantía de dereitos dixitais nos anexos a dita convocatoria que comprenden os seguintes documentos: modelo de solicitude e os tres anexos seguintes.

É por iso que, RESOLVO,

PRIMEIRO,- Incorporar as previsións da LPDYGDD aos anexos das bases da convocatoria do campamento de conciliación de verán 2023, que teñen o seguinte contido:

“De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que o CONCELLO DE CORISTANCO, con CIF P1502900B e domicilio en AVENIDA FISTERRA S/N 15147, CORISTANCO (A CORUÑA) é o Responsable do Tratamento. Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente departamento de Cultura e Deportes á cal vaia dirixida a presente solicitude cuxa finalidade e xestión a súa inclusión ao campamento de verán 2023. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada nos art.6.1 a) do RXP: “o interesado dou o seu consentimento para un ou varios fins específicos” e o art. 6.1 e) : “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@coristanco.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello de Coristanco incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do documento válido que o identifique ou, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://www.coristanco.gal/politica-de-privacidad/> “

SEGUNDO.- Publicar as bases con esta rectificación que terán o contido que se indica a seguir:

“O Concello de Coristanco quere ofertar unha interesante e atractiva opción de conciliación do VERÁN 2023; aprender xogando e convivindo cos demais e co entorno que nos rodea, descubrindo no deporte e na natureza as mellores fontes de ocio. “Ó SON DO VERÁN” é unha proposta que ten o seu orixe no ano 2020, e que presenta un programa de actividades culturais, deportivas e recreativas de verán que pretende combinar a aventura co deporte e o formativo co lúdico, a través dunha metodoloxía activa, participativa, integradora e dinámica que teña aos máis pequenos como protagonistas. Esta planificación de actividades será multidisciplinar, desenvolta en diferentes bloques temáticos:

- **1º Proxecto:** Recoñecemento do entorno (Do 3 ao 14 de xullo) polo que se dará a coñecer a zona e o entorno, coñecendo as tradicións e recursos naturais, talleres de artesanía e modelado de arxila.
- **2º Proxecto:** Teatro, música e actuacións (Do 17 ao 28 de xullo) polo que se pretende dar a coñecer cada unha das partes que engloba o teatro, non só a representación, maquillaxe vestuario, recursos, música,...



- **3º Proxecto:** Traballando as emocións (Do 31 de xullo ao 11 de agosto) Coñeceremos as distintas emocións e aprender recursos para axudar a xestionalas
- **4º Proxecto:** Kennebec (Do 14 de agosto ao 1 de setembro) co fin do campamento intentaremos ensinar todo o relacionado o produto que nos caracteriza, a pataca, a terra e as labores do campo.

Obxectivo xeral:

Ofrecer apoio a conciliación da vida familiar, laboral e persoal. Facilitar recursos de ocio e tempo libre para nenos de 3 a 12 anos no Concello de Coristanco.

Obxectivos específicos do servizo:

- Crear un espazo para o crecemento persoal de nenos e nenas a través do xogo e a participación en actividades lúdico-formativas.
- Crear un espazo para o fomento do uso do galego.
- Fomentar nos nenos e nenas valores e actitudes de respecto ao medio ambiente e consumo responsable.
- Traballar a autoestima individual e de grupo.
- Promover programas educativos sobre os hábitos saudables (alimentación, medidas hixiénico-sanitarias...)
- A Coeducación, igualdade de xénero e interculturalidade.
- Mellora da psicomotricidade e manexo de habilidades pre-deportivas.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DOS CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN 2023.

FUNCIONAMENTO:

1. O campamento está destinado ás nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 e 12 anos.
2. Disporase dun total de 50 prazas.
3. O lugar de realización será na Area Recreativa da Rocheira.
4. O servizo prestarase de luns a venres en horario de 9h a 14h (do 3 de xullo ao 1 de setembro de 2023).
5. A prescrición na actividade realizarase na Biblioteca Municipal do Concello, en horario de 9h a 14h.
6. Fíxase un prazo de prescrición dende o 3 ao 18 de abril de 2023.
7. Fíxase un prazo de renuncias de 5 días hábiles, dende o día seguinte á publicación da listaxe de admitidos.
8. Unha vez rematado o prazo de renuncias, publicarase a listaxe definitiva e listaxe de agarda. O día seguinte desta publicación, os admitidos terán un prazo de 10 días para a formalización da inscrición e o pago da taxa correspondente.
9. Os criterios de valoración serán principalmente as necesidades de conciliación obxectivamente demostradas: xornada laboral dos proxenitores e non dispoñibilidade de redes de apoio familiar para o coidado das súas fillas e fillos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN:



- Non superar a renda da unidade familiar en 6,5 veces o IPREM 2021, tendo preferencia os de menos ingresos
- As traballadoras que teñan a consideración de vítimas de violencia de xénero para atender o coidado da filla ou fillo, tanto cando sexa por natureza como por adopción, ou no supostos de acollemento permanente ou garda con fin de adopción. **10 PUNTOS**
- As nais e pais, para atender ao coidado dun fillo menor de 18 anos que teña recoñecido un grado de discapacidade igual ou superior ao 33%. **10 PUNTOS**
- Familias monoparentais. **10 PUNTOS**
- Familias numerosas. **10 PUNTOS**
- Con necesidade de conciliación obxectivamente demostradas. **10 PUNTOS**
- Empadroados no concello. **10 PUNTOS**
- Non empadroados con posto de traballo no municipio ou algún domicilio fiscal no mesmo. **5 PUNTOS**
- Empadroados ou non no Concello con vivenda familiar no mesmo ou cursando estudos nalgúns dos centros do municipio. **5 PUNTOS**
- Con necesidade de conciliación aínda que só traballe un proxenitor. **5 PUNTOS**

QUENDAS DISPOÑIBLES

Existen varias quendas para conciliar, serán por semanas, podendo escoller as opcións que interesen e será necesario marcar por orde de preferencia, para poder baremar e así conseguir conciliar o maior número de familias posible. Poderán escoller ata un **máximo de 7 quendas**, distribuídas da seguinte forma:

1ª QUENDA: semana do 3 ao 7 de xullo

2ª QUENDA: semana do 10 ao 14 de xullo

3ª QUENDA: semana do 17 ao 21 de xullo

4ª QUENDA: semana do 24 ao 28 de xullo

5ª QUENDA: semana do 31 de xullo ao 4 de agosto

6ª QUENDA: semana do 7 ao 11 de agosto

7ª QUENDA: semana do 14 ao 18 de agosto

8ª QUENDA: semana do 21 ao 25 de agosto

9ª QUENDA: semana do 28 de agosto ao 1 de setembro

10. A taxa será de 10 euros por quenda e nen@

11. A alta ou baixa do servizo deberá ser notificada por escrito á Biblioteca Municipal do Concello. Aínda que o desestimento ou renuncia a actividade por parte do solicitante, unha vez iniciada a prestación do servizo, non dará dereito á devolución da taxa, salvo por causa imputable á administración.

12. Unha vez adxudicadas as prazas crearase unha listaxe de agarda segundo a puntuación obtida no



período ordinario de inscrición. No caso de quedar prazas unha vez publicadas as listaxes definitivas ou comezado o campamento se non acude algún dos admitidos, poderase acudir á mesma para cubrir as prazas dispoñibles.

13. Serán causa de extinción do servizo e baixa no mesmo o seguinte:

- Incumprimento dos requisitos establecidos
- Incumprimento das normas de convivencia establecidas
- Por solicitude da/o nai/pai ou representantes legais
- A comprobación de falsidade na documentación achegada
- A non asistencia ao campamento, sen causa debidamente xustificada.

14. As familias deberán cumprir estritamente tódalas condicións e medidas que se lles indiquen como forma de protección da saúde de tódalas persoas participantes.

ORGANIZACIÓN:

1. Manteranse as medidas de hixienización nos lugares onde se realicen as actividades.
2. As familias deberán estar localizadas e en disposición de recoller á persoa participante de forma relativamente pronto no caso de que así se requira polo monitorado do campamento. Para isto, facilitarase un contacto que poida estar dispoñible de ser preciso.
3. O Concello de Coristanco resérvase o dereito á reorganización, adaptacións e/ou suspensión do servizo se a situación sanitaria e/ou económica así o require.

Por último recalcamos a nosa gratitude ante a vosa confianza e apoio, alimentando a ilusión que poñemos en sacar adiante este proxecto.

MATERIAL NECESARIO:

- Roupa cómoda.(toda identificada co nome do nen@)
- Zapato pechado.
- Protector solar (primeira aplicación dende a casa)
- Roupa de baño: bañador, gorro de piscina, chanclas e toalla
- Muda completa
- Botas de auga e chubasqueiro en bolsa aparte,(previo aviso dos monitores)
- Gorra
- Auga individual e con identificación.
- Aperitivo para media mañá.
- Desaconsellase traer xoguetes ou dispositivos electrónicos que faciliten que o neno ou nena se ille do grupo ou poida chegar a ser foco de manipulación conxunta. O material para xogos e actividades será proporcionado polo Concello de Coristanco e distribuído polos monitores non sendo preciso a achega de material por parte das familias.

RECOMENDACIÓNS:

- Pulseira repelente de mosquitos.



**SOLICITUDE DE PRAZA PROGRAMA CONCILIA CONCELLO DE CORISTANCO
CAMPAMENTO DE VERÁN 2023**

DATOS DA NENA/O

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacemento:

Enderezo:

Poboación: CP: Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

DATOS FAMILIARES

Pai, nai e/ou representante legal:

DNI: Teléfono:

Empadroado no Concello de

DATOS DO SERVIZO

Datas: Do 3 de xullo ao 1 de setembro de 2023
Horario: 9:00h a 14:00h.
Lugar de realización: Area Recreativa da Rocheira

A/O NENA/O TEN INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS OU ALERXIAS ?

SI NON En caso afirmativo, cales?

SOLICITUDES:

As solicitudes presentaranse na biblioteca municipal do concello segundo o modelo establecido, achegando a seguinte documentación:

- 1) Libro de familia.
- 2) DNI dos proxenitores.
- 3) Aqueles usuarias/os que teñan problemas alimentarios ou outros que sexa necesario ter coñecemento dos mesmos por parte do Concello de Coristanco, achegarán informe médico onde se recollan.
- 4) Certificado de discapacidade do participante e informe médico, se é o caso.
- 5) Vida laboral do pai, nai e/ ou representante legal (ou no seu caso, encabezamento de nómina ou



recibo de autónomos)

- 6) Declaración responsable de que non contan con redes de apoio familiar para o coidado das/os menores (Anexo I).
- 7) Declaración da renda dos membros da unidade familiar do 2021 ou no seu defecto cubrir a declaración adxunta no Anexo II.
- 8) Anexo III para a autorización de imaxes.
- 9) De non autorizar a consulta, certificado de empadramento.

AUTORIZO AO CONCELLO DE CORISTANCO PARA CONSULTAR:

Datos relativos a unidade familiar: SI NON

QUENDAS :

- 1ª QUENDA: semana do 3 ao 7 de xullo
- 2ª QUENDA: semana do 10 ao 14 de xullo
- 3ª QUENDA: semana do 17 ao 21 de xullo
- 4ª QUENDA: semana do 24 ao 28 de xullo
- 5ª QUENDA: semana do 31 de xullo ao 4 de agosto
- 6ª QUENDA: semana do 7 ao 11 de agosto
- 7ª QUENDA: semana do 14 ao 18 de agosto
- 8ª QUENDA: semana do 21 ao 25 de agosto
- 9ª QUENDA: semana do 28 de agosto ao 1 de setembro

Coristanco, _____ de _____ de 2023.

Sinatura (pai/nai/representante legal)

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que o CONCELLO DE CORISTANCO, con CIF P1502900B e domicilio en AVENIDA FISTERRA S/N 15147, CORISTANCO (A CORUÑA) é o Responsable do Tratamento. Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente departamento de Cultura e Deportes á cal vaia dirixida a presente solicitude cuxa finalidade e xestionar a súa inclusión ao campamento de verán 2023. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada nos art.6.1 a) do RXP: "o interesado dou o seu consentimento para un ou varios fins específicos" e o art. 6.1 e) : "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello". Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. O



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@coristanco.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello de Coristanco incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do documento válido que o identifique ou, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://www.coristanco.gal/politica-de-privacidad/>

ANEXO I DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Nai/Pai ou titor legal

Con DNI

Da/do menor ou menores:

Declaro :

Que non conto con redes de apoio familiar o coidado da/do menor.

En Coristanco a ____ de _____ de 2023.

Sinatura (nai/pai/representante legal).

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que o CONCELLO DE CORISTANCO, con CIF P1502900B e domicilio en AVENIDA FISTERRA S/N 15147, CORISTANCO (A CORUÑA) é o Responsable do Tratamento. Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao departamento de Cultura e Deportes á cal vaia dirixida a presente solicitude cuxa finalidade e xestionar a súa inclusión ao campamento de verán 2023. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada no art. 6.1 e) : “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido



á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@coristanco.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello de Coristanco incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do documento válido que o identifique ou, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://www.coristanco.gal/politica-de-privacidad/>

ANEXO II (SÓ É NECESARIO PRESENTAR DE NON FACER A DECLARACIÓN DA RENTA)

D/D^a _____
Con DNI nº _____, domicilio a efectos de notificacións en _____ e teléfono de contacto número _____, como nai/pai/titor legal do menor _____ con DNI _____.

Á vista de que ten interese en participar no **campamento de verán do ano 2023** que organiza o **Concello de Coristanco** dentro do “**Programa Concilia**” (Resolución de 7 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral d Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción de igualdade, de forma individual e mediante sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023-Código SI435B- publicada no DOG nº 52 de data 16/03/2022).

Á vista de que non está obrigado legalmente a presentar declaración da Renda ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, e que o artigo 2 da Resolución antedita esixe poder calcular a porcentaxe do IPREM que se alcanza en cada unha das unidades familiares.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que os ingresos totais da unidade familiar ascenden a un total de _____ € (dato aproximado)

SI ___ NON ___ Concedo autorización á Administración Local para que poida, se así o estima oportuno, acceder aos datos da unidade familiar que poidan constar no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Coristanco, na Axencia Estatal de Administración Tributaria, na Tesorería Xeral da Seguridade Social ou en calquera outra administración pública a efectos de comprobación da información facilitada.

En Coristanco _____ a _____ de 2023.
Sinatura (nai/pai/representante legal)

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que o CONCELLO DE CORISTANCO, con CIF P1502900B e domicilio en AVENIDA FISTERRA S/N 15147, CORISTANCO (A CORUÑA) é o Responsable do Tratamento. Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao departamento



de Cultura e Deportes á cal vaia dirixida a presente solicitude cuxa finalidade e xestionar a súa inclusión ao campamento de verán 2023. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada no art. 6.1 e) : “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@coristanco.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello de Coristanco incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do documento válido que o identifique ou, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://www.coristanco.gal/politica-de-privacidad/>

ANEXO III

En cumprimento do disposto na normativa legal respecto á protección de datos, informámoslle de que, con carácter previo á firma do presente documento vostede deberá ler a información relativa á protección de datos de carácter persoal que se detalla a continuación neste mesmo documento sobre o tratamento de imaxes/voz do menor.

Segundo o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPDP), e a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, 3/2018 do 5 de decembro, así como o estipulado na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á Honra, á Intimidade persoal e familiar e á Propia imaxe, o CONCELLO DE CORISTANCO, con CIF P1502900B e domicilio en Avenida Fisterra s/n 15147, Coristanco (A Coruña) é o Responsable do Tratamento. A autorización e licenza de uso da imaxe do autorizante realizada neste acto refírese exclusivamente ás fotografías, vídeos ou calquera outro tipo de gravacións dixitais realizadas polo Concello de Coristanco, cos exclusivos fins abaixo referenciados, polo que o Concello de Coristanco poderán facer uso das imaxes aos únicos efectos abaixo mencionados. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada na obtención do seu consentimento, mediante a súa clara acción afirmativa neste presente documento, de acordo co artigo 6.1.a de o RXPDP. O interesado terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento. A difusión de imaxes en prensa e RRSS suporá unha comunicación de datos a terceiros atendendo á natureza e funcionamento destes servizos. Así mesmo, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@coristanco.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello de Coristanco incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do seu documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <https://www.coristanco.gal/politica-de-privacidad/>

A/O nai, pai ou titor legal

Da/D. _____

con DNI _____ da a súa autorización para:

AUTORIZO

- A utilización de fotografías e vídeos que se vaian realizando durante a estancia do neno nas actividades e poder usalas nas redes sociais e na páxina web do Concello de Coristanco
- A utilización de fotografías e vídeos que se vaian realizando durante a estancia do/a nenos/a nas actividades poidan ser enviadas á prensa ou cedidas ás entidades colaboradoras da actividade, co único propósito de dar difusión ás accións de formación e divulgación que desenvolve o Concello



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. n° 01150294

de Coristanco.

> A distribución mediante grupo de difusión entre as familias coas fotos e vídeos realizados durante a actividade.

NON AUTORIZO

Non dou o meu consentimento para ningunha das opcións indicadas.

Coristanco _____ a _____ de 2023

Sinatura (pai/nai/representante legal)"

TERCEIRO.- Dar conta ao pleno na próxima sesión que se celebre

CUARTO.- A resolución do procedemento pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, poderá, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso.

Igualmente advertir que pode interponer calquera outro recurso que estime pertinente (art. 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas